

PLN/2025/3.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Sendo as catorce horas e tres minutos do tres de febreiro do ano dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, réunese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión extraordinaria urxente, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Non asiste

Excusan a súa asistencia o concelleiro Iván Martínez González.

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da titular do posto de intervención, Dna. Ana María Gómez Peña

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51



do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Con carácter previo ao inicio da sesión, a secretaria solicita o uso da palabra ao Presidente para informar que respecto da licitude do tratamento, de acordo co establecido nos artigos 6.1 e) do Regulamento (UE) 2016/679 e 8.1 da O 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais en relación ao disposto no artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, se vai a proceder á grabar en arquivo dixital e sonoro para a súa posterior difusión a través do portal de transparencia da sesión plenaria dando traslado de documento de informacion e autorización que proceden a asinar.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA. Para os efectos previstos no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno a ratificación da urxencia de cada un dos expedientes incluídos na orde do día segundo Decreto de alcaldía núm. 2025-0105 de 31 de xaneiro de 2025 no que se sinala para os efectos da motivación da urxencia da convocatoria:

“Convocar, co fin de adoptar, de ser o caso, o acordo necesario para a constitución formal dunha agrupación de entidades, xunto cos concellos de Ares e Fene, co fin de concorrer, de forma conxunta á terceira convocatoria de subvencións (2024), en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PERTE dixitalización do ciclo da auga), financiado pola Unión Europea-NEXT GENERATION EU, o cal non pode esperar ata a convocatoria do vindeiro pleno ordinario, sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación, o día 3 de febreiro de 2025 ás 14:00 horas, para tratar dos asuntos que se expresan na orde do día”

Toma a palabra o Alcalde para xustificar a urxencia no sentido marcado no Decreto da convocatoria, engadindo que existe consenso en aceptar a axuda que no seu caso de conceda, se o seu importe acolle o 100% das actuacións.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da convocatoria e de cada un dos puntos incluídos na orde do día, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(1)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención

En función do resultado, préstase aprobación á ratificación de todos e cada un dos puntos incluídos na orde do día.

2º.- OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE E TICs.- EXPEDIENTE XESTIONA NÚM. 197/2023.- ACORDO DE AGRUPACIÓN DAS ENTIDADES CO FIN DE CONCORRER, DE FORMA CONXUNTA Á TERCEIRA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS (2024), EN CONCORRENCIA



COMPETITIVA DE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO DA AUGA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU.- Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 197/2023, separata 3ª convocatoria na que entre outros antecedentes consta:

- Informe de secretaria de 28 de xaneiro de 2025.
- Informe de reparo 2025-0010 emitido pola intervención con data 31.01.2025.
- Proposta de acordo asinada polo concelleiro delegado da área de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs (delegación RA núm. 2023-0615, de 26 de xuño de 2023) asinada con data 30 de xaneiro de 2025:

“Con data 18 de decembro de 2024 asínase “RESOLUCIÓN DE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE MEDIO AMBIENTE POR LA QUE SE APRUEBA LA TERCERA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES (2024) EN CONCURRENCIA COMPETITIVA DE PROYECTOS DE MEJORA DE LA EFICIENCIA DEL CICLO URBANO DEL AGUA (PERTE DIGITALIZACIÓN DEL CICLO DEL AGUA), EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA”

Dando continuidade no expediente iniciado tras a publicación da primeira e segunda convocatoria, levouse a cabo un traballo de axuste e mellora que permitiese adecuar o proxecto ás necesidades dos concellos de Ares, Fene e Mugarbos, manténdose o obxectivo principal nos termos marcados na propia exposición de motivos da orde de convocatoria:

“ ...

modernización del ciclo de agua para, con ello, producir una mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua, reduciendo las pérdidas de agua en los sistemas de distribución de agua y mejorando las infraestructuras de tratamiento de aguas residuales. Se persigue que la gestión del agua sea eficiente y sostenible, cumpliendo así con el mandato de la Directiva Marco del Agua (2000/60/CE) y de la Directiva 91/271/CEE sobre el tratamiento de las aguas residuales urbanas, todo ello de acuerdo con el Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas.

...”.

Consta no expediente para tal efecto, Memoria técnica na que se describen as actuacións a acometer e o seu orzamento xunto coa proposta da agrupación que permita presentar a solicitude no nome dos tres concellos que conforman o denominado Anexo I.

Vista a publicación da Orde TED/919/2023, do 21 de xullo “pola que se modifican as bases reguladoras da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; e apróbase a segunda convocatoria de subvencións (2023)., ao abeiro do establecido nos artigos 25.2º e 26.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, do establecido no artigo 11.3º da Lei 38/2003, xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento, elévase á consideración do Pleno a seguinte proposta de **acordo**:

Primeiro.- Aprobar e mostrar a conformidade do Concello de Mugarbos coa memoria técnica do proxecto: “Proxecto integral de dixitalización e mellora da eficiencia dos



sistemas de abastecemento, saneamento, depuración e vertedura na agrupación de Concellos de Fene, Ares e Mugardos.”

Segundo.- Encomendar ao representante da agrupación, Alcalde-Presidente do Concello de Ares, para a presentación de solicitude de participación pola Agrupación dos Concellos Ares-Fene-Mugardos no procedemento de concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a terceira convocatoria de subvencións (2024) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de acordo con o contido, importe e detalle contemplados na Memoria técnica redactada e asinada polo enxeñeiro Miguel Ángel Pérez Marquina, colexiado VR1079 do Colexio oficial de Arquitecto Técnicos de Pontevedra. Cuarto.- Adoptar o compromiso de que se dispoñerá dos recursos tanto técnicos como financeiros necesarios para garantir o mantemento e operación da actuación subvencionada tras a súa posta en marcha e durante polo menos o primeiros cinco anos de actividade tras a finalización do proxecto, así como o envío da información sobre os usos da auga que se lle requira polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico segundo o disposto no apartado d) do artigo 33.3 da Orde TED/934/2022.

Terceiro. - Garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo» (principio Do Non Significant Harm-DNSH) e á metodoloxía deseguímento definida no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, de acordo con o previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado por Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación. Sexto. - Declarar responsablemente que as actuacións propostas cumpren coa lexislación e política ambiental, tanto nacional como da UE.

Cuarto.- Dar traslado ao representante da agrupación da información requirida acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos ao beneficiario previstos no artigo decimo da Resolución da Secretaria de Estado de Medio Ambiente pola que se aproba a Terceira convocatoria de subvencións (2024) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE Dixitalización do ciclo urbano da auga) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Quinto. - Prestar conformidade coas actuacións subvencionables e as previsións de dotacións orzamentarias ou tarifarias para levalas a cabo nos termos recolleitos na memoria técnica do proxecto: “Proxecto integral de dixitalización e mellora da eficiencia dos sistemas de abastecemento, saneamento, depuración e vertedura na agrupación de Concellos de Fene, Ares e Mugardos.”

Sexto. – Manifestar o cumprimento da Orde TED/919/2023, do 21 de xullo e a Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, así como aceptar a valoración da memoria técnica achegada conforme aos criterios establecidos no artigo 13 da Orde TED/934/2022.

Sétimo.- Facultar ao Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba para levar a cabo o apoderamento a favor do Alcalde de Ares para a presentación da solicitude de axuda e Anexos requiridos para tal efecto.

Oitavo.- Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano



interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

Noveno. - Aprobar no marco da terceira convocatoria en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización dociclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia o acordo de agrupación que figura como Anexo.”

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PP	Abre o exame deste punto da orde do día o portavoz do grupo municipal PP dando conta de que se trata dun expediente xa sometido previamente á consideración do presente órgano colexiado con ocasión de anterior convocatoria. Explica de seguido que se procedeu a replanear o contido do proxecto así como as súas liñas fundametais.
Grupo PSdG-PSOE	<p>Inicia a súa intervención o portavoz do grupo PSdG-PSOE adiantando que o seu grupo como aconteceu na convocatoria anterior, emitirá o seu voto favorable.</p> <p>Porén quere engadir que é importante que se tomen outras medidas de mellora na rede xa que o feito de que o cobro dos recibos da auga leven un ano de demora é un indicio de que hai cousas que mellorar.</p>
Grupo BNG	Toma a palabra o membro do grupo municipal BNG, Evaristo Deus Deus sinalando que na tramitación da previa convocatoria o seu grupo votou a favor máis na presente se van a abster xa que pese a considerar que as actuacións son necesarias, o sentido do informe de intervención aconsella tomar as cautelas necesarias, salvo que a subvención financie finalmente o proxecto ao cen por cen. E por elo non querendo intervir negativamente no expediente, reitra a abstención no sentido do voto do seu grupo.

Segunda quenda de intervencións	
Grupo EU	Abre a segunda quenda de intervencións a portavoz do grupo EU, lembrando que con ocasión da petición previa de axuda, votaron en contra da adopción de acordo, en función da premura da tramitación e polo importe dos compromisos a adoptar polo concello, xa que pese a que o



	financiamento poda ser ao cen por cen do seu importe, implica que o concello debe aidantar os cartos e hai consideracións realizadas no informe de intervención que motivan o seu voto en contra novamente.
Grupo PP	Pecha o debate o portavoz do grupo PP resaltando que as inciativas que comprende a documentación técnica permitirán non so axiliar o cobro dos recibos da auga se non tamén, entre outras, coñecer en tempo real se se está a procucir unha fuga, en xeral unha xestión máis eficiente do servizo. E reitera como xa adiantou o Alcalde, o concello solo aceptará a subvención no caso de que acada o cen por cen do orzamento do proxecto.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	A favor	En contra

O Pleno do concello, previa deliberación acorda por oito votos a favor, tres abstencións e un voto en contra, o que supón a maioría absoluta legal dos membros da corporación:

Primeiro.- Aprobar e mostrar a conformidade do Concello de Mugar dos coa memoria técnica do proxecto: “Proxecto integral de dixitalización e mellora da eficiencia dos sistemas de abastecemento, saneamento, depuración e vertedura na agrupación de Concellos de Fene, Ares e Mugar dos.”

Segundo.- Encomendar ao representante da agrupación, Alcalde-Presidente do Concello de Ares, para a presentación de solicitude de participación pola Agrupación dos Concellos Ares-Fene-Mugar dos no procedemento de concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a terceira convocatoria de subvencións (2024) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, #de acordo con o contido, importe e detalle contemplados na Memoria técnica redactada e asinada polo enxeñeiro Miguel Ángel Pérez Marquina, colexiado VR1079 do Colexio oficial de Arquitecto Técnicos de Pontevedra. Cuarto.- Adoptar o compromiso de que se dispoñerá dos recursos tanto técnicos como financeiros necesarios para garantir o mantemento e operación da actuación subvencionada tras a súa posta en marcha e durante polo menos o primeiros cinco anos de actividade tras a finalización do proxecto, así como o envío da información sobre os usos da auga que se lle requira polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico segundo o disposto no apartado apartado d) do artigo 33.3 da Orde TED/934/2022.

Terceiro. - Garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo» (principio Do Non Significant Harm-DNSH) e á metodoloxía deseguimento definida no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do



Consello, do 18 de xuño de 2020, de acordo con o previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado por Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación. Sexto. - Declarar responsablemente que as actuacións propostas cumpren coa lexislación e política ambiental, tanto nacional como da UE.

Cuarto.- Dar traslado ao representante da agrupación da información requirida acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos ao beneficiario previstos no artigo decimo da Resolución da Secretaria de Estado de Medio Ambiente pola que se aproba a Terceira convocatoria de subvencións (2024) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE Dixitalización do ciclo urbano da auga) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Quinto. - Prestar conformidade coas actuacións subvencionables e as previsións de dotacións orzamentarias ou tarifarias para levalas a cabo nos termos recolleitos na memoria técnica do proxecto: “Proxecto integral de dixitalización e mellora da eficiencia dos sistemas de abastecemento, saneamento, depuración e vertedura na agrupación de Concellos de Fene, Ares e Mugar dos.”

Sexto. – Manifestar o cumprimento da Orde TED/919/2023, do 21 de xullo e a Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, así como aceptar a valoración da memoria técnica achegada conforme aos criterios establecidos no artigo 13 da Orde TED/934/2022.

Sétimo.- Facultar ao Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba para levar a cabo o apoderamento a favor do Alcalde de Ares para a presentación da solicitude de axuda e Anexos requiridos para tal efecto.

Oitavo.- Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaria e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

Noveno. - Aprobar no marco da terceira convocatoria en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización dociclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia o acordo de agrupación que figura como Anexo

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e dezasete minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona PLN/2021/3, cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é b4459f9577707b44525ff1ca296b522b416e436a54060ea5d833f230a3211ebb87159014b5e32942418a59f6c593a5ddea74045bf79ccf1cda0cf19b4fbec60a e de video con pegada dixital e9275cb74ea5d74796d2fd3b69ca37edfef55d4e58892325d113f7de0e5128aa9f0a7ad04dfa1a39aaf55c2bb9d23248f94e3b1430508e17494c54f81aff002a.

Visto e praxe

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

